

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

COMEZO DO CURSO ESCOLAR 2021-2022

PLAN DE ACOLLIDA

E PRINCIPAIS MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO NAS **ENTRADAS E SAÍDAS**

A PARTIR DAS INSTRUCCIÓNS DO PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19

NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA

PARA O CURSO 2021-2022



EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

COMEZO DO CURSO: MÉRCORES 15 DE SETEMBRO

HORA DE ENTRADA: 12:00 h HORA DE SAÍDA: 14:30 h

HORARIO NO RESTO DO CURSO:

A HORA DE ENTRADA POLA MAÑÁ PARA OS CATRO CURSOS SERÁ ÁS 08:50 h,
é dicir, a esa hora todo o alumnado deberá estar xa na súa aula e no seu posto.

HORA DE SAÍDA: 14:30 h

(Os luns haberá xornada lectiva de tarde de 16:00 a 17:40 h)

Ainda que as clases non comezarán ata as 09:00 h, a hora de entrada nas mañás é de obrigado cumprimento sendo a puntualidade de vital importancia para evitar aglomeracións na entrada.

APARTADOS 11.1. e 11.2. DO PROTOCOLO DA CONSELLERÍA, CURSO 2021-2021

11.1. O obxectivo das seguintes medidas é a non aglomeración de persoas, tanto a entrada como a saída dos centros, debendo en todo momento garantir as medidas de distanciamento físico interpersoal. Así, nos centros educativos onde sexa posible habilitaranse diferentes entradas para o alumnado das diferentes etapas educativas (infantil, primaria, secundaria, bacharelato ou FP). No caso de que polas peculiaridades do centro non fose posible estableceranse quendas de entrada distanciadas no tempo.

11.2. Poderase permitir en todos o niveis superiores ao ensino infantil a entrada do alumnado con anterioridade á hora de inicio da actividade lectiva dentro da aula que teña asignada, a medida da súa chegada ao centro, co fin de evitar aglomeracións e unha distribución máis axeitada dos tempos de entrada.

REGULACIÓN DE CIRCULACIÓNS E DE ENTRADAS E SAÍDAS

- ENTRADA

A entrada será SEMPRE pola entrada principal a través dunha das portas da rexa habilitada só para estes catro cursos. (Insistimos na puntualidade, xa que dez minutos despois farán a súa entrada os alumnos/as de 4º, 5º e 6º de EP). No caso de que veña acompañado por algún familiar, lembre que non se permite a entrada deste ao centro, e non poderá cruzar este acceso.

O alumno/a deberá ir directamente á súa aula, non se lle permitirá a entrada nas aulas de cursos que non son o seu nin poderá estar no corredor ou na porta da clase, deberá acceder ao seu posto fixo dentro da aula, non poderá percorrela nin subir o baixar persianas, abrir ou pechar fiestras, tocar interruptores da luz, ordenador do profesor, mando do proxector, pertenzas de compañeiros, etc. Ante calquera necesidade será o profesor/a quen se encargue de resolvela.

APARTADOS 3.6., 15.1., 17.1. e 3.7. DO PROTOCOLO DA CONSELLERÍA, CURSO 2021-2022

3.6. Extremarase a orde no posto de traballo e nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección establecidas nas medidas deste protocolo.

O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as.

Nas aulas ou no propio pupitre deberá existir un espazo diferenciado para o material de cada alumno de xeito que non permita ser manipulado por outros compañeiros.

15.1. Resulta recomendable que cada alumno/a teña o seu material gardado en contedores propios como estoxos ou semellantes e na medida do posible todo rotulado co seu nome.

17.1. Con carácter xeral, o alumnado debe permanecer no seu sitio nos cambios de clase.

3.7. As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado ou o persoal non docente, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

- SAÍDA

Antes da saída, o alumnado deberá recoller todo o seu material escolar, non poderán quedar libros, estoxos... e mesmo roupa ou paraugas. Cada alumno/a faráse responsable das súas pertenzas e non poderá manipular ou portar elementos que nos sexan os seus.

A saída será tamén SEMPRE pola entrada principal.

Primeiro saíran **ordenadamente e respectando a distancia de seguridade** os alumnos/as que non se queden ao comedor, e **no caso** de que a algún/a o veñan buscar será recollido/a na rúa xa que o familiar ou familiares non poderán acceder ao centro escolar.

A continuación sairá o alumnado que faga uso do servizo do comedor do mesmo xeito que os anteriores e ocupando postos fixos por curso nas mesas para comer baixo as normas de distanciamento e hixiene.

Dependendo da cantidade de usuarios do servizo de comedor, os luns estableceranse dúas quendas, sendo as seguintes:

1ª quenda: ás 14:30 h → 1º e 2º ESO

2ª quenda: ás 15:00 h → 3º e 4º ESO

Unha vez rematen de comer saíran **pola entrada principal**, de regreso aos seus fogares e non poderán formar agrupacións na rúa fóra do recinto escolar.

IMPORTANTE:

NINGUÉN PODE QUEDAR XOGANDO NO PATIO,

NIN ESPERANDO POR OUTROS COMPAÑEIROS NO HALL DO COLEXIO.

APARTADOS 11.7. E 11.9 DO PROTOCOLO DA CONSELLERÍA, CURSO 2021-2022

“Non se permite que o alumnado na saída quede formando agrupacións nos patios ou quexogue nos mesmos, polo que se regularán as saídas directamente ao exterior do recinto.

O alumnado non debe formar agrupacións na vía pública fóra do recinto escolar.”

IMPORTANTE:

MEDIDAS DIARIAS PREVIAS Á INCORPORACIÓN AO CENTRO EDUCATIVO

Para a detección precoz no alumnado, estes (ou os seus pais/nais/titores/as legais) realizarán unha avaliación dos síntomas de forma diaria, **que deberá realizarse cada mañá antes da chegada ao centro**, a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2.

Estes síntomas son:

- Respiratorios : febre maior de 37,5°C , tose seca, dificultade respiratoria.
- Outros síntomas: fatiga severa (cansazo), dor muscular, falta de olfacto, falta de gusto, diarrea.
- Se conviviu nos últimos 10 días cunha persoa Covid-19 + confirmado.

De presentar calquera destes síntomas, os proxenitores ou titores non enviarán ao alumno/a á clase, solicitarán consulta co seu médico ou pediatra e comunicarán a súa ausencia ao colexio.

O primeiro día de clase enviarémosvos a través dos vosos fillos e fillas
a **DECLARACIÓN RESPONSABLE**
para que a asinedes , conforme coñecedes a obriga de realizar diariamente a
avaliación dos síntomas anteriormente citada.

Moitas grazas, un saúdo.